

## PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 22-10-2021, ditou a resolución con número 2857/2021 que deseguido se transcribe:

### RESOLUCIÓN

#### **Aprobación da Listaxe Definitiva de Admitidos/as do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA".**

**Primeiro.-** Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 2680/2021 de 06 de outubro de 2021 aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA".

O prazo de presentación de solicitudes, de acordo coa base terceira, parágrafo 3.1 é de dez (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**Segundo.-** No BOP núm. 194 de 11/10/21 publicouse o anuncio da convocatoria e apertura do prazo de 10 días naturais de presentación de instancias (desde o 12/10/2021 ao día 21/10/2021, último día do prazo). Así mesmo, publicouse un anuncio da convocatoria nas páxinas locais da La Voz de Galicia e do Diario de Bergantiños do día 13/10/2021, con indicación do prazo de presentación de instancias ("*desde o 12/10/2021 ao 21/10/2021, ambos incluídos*").

**Terceiro.-** Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 2798/2021 de 18 de outubro de 2021 nomeouse o Tribunal cualificador, data e lugar de celebración do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA" no Auditorio do Forum de Carballo a tódolos membros do Tribunal:

- Realización da fase de **entrevista** establecida na Base 6ª.2 que se celebrará o luns día 25/10/2021 ás 09:00 h.
- Para a fase de **concurso** establecida na base 6ª.3 que se celebrará o **mércores 27/10/2021** na hora que determine o propio tribunal.

**Cuarto.-** Advertiuse un erro na dita Resolución núm. 2798/2021, do 18/10/2021, no antecedente segundo, referente a indicación á finalización do prazo de presentación de instancias, ao indicar que o prazo de presentación de instancias remataba o día 22/10/2021, cando rematou o 21/10/2021.

*"O prazo de presentación de instancias era de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio foi publicado no BOP núm. 194 do 11/10/2021. Polo que o prazo indicado remata o 22/10/2021".*

Rematou o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes o 21/10/2021, e de conformidade co establecido na Base 4ª da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), ao non existir aspirantes excluídos/as e en uso das competencias legalmente atribuídas,

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Corrixir o erro advertido na dita Resolución núm. 2798/2021, do 18/10/2021, antecedente segundo, e onde di "*O prazo de presentación de instancias era de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio foi publicado no BOP núm. 194 do 11/10/2021. Polo que o prazo indicado remata o 22/10/2021*", debe dicir o seguinte:

*“O prazo de presentación de instancias era de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio foi publicado no BOP núm. 194 do 11/10/2021. Polo que o prazo indicado remata o 21/10/2021”.*

**Primeiro.-** Aprobar a Listaxe Definitiva de aspirantes admitidos/as para a selección do personal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego “CARBALLO COIDA. Os aspirantes admitidos son os relacionados nos Anexos I, II, III, IV e V, para cada unha das categorías profesionais, respectivamente:

- Director/a
- Mestre da especialidade Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. Rama sanitaria
- Mestre da especialidade Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. Rama psicosocial
- Mestre/a titor/a para a impartición dos módulos de educación básica, orientación e información profesional, formación empresarial e asesoramento e os módulos de formación complementaria
- Auxiliar administrativo/a.

Tendo en conta a corrección de erros referida no parágrafo primeiro, inclúense na listaxe definitiva aqueles aspirantes que teñan feito algún dos seguintes trámites dentro do prazo de presentación de instancias (21/10/2021): que tendo presentada a solicitude de participación ao proceso selectivo ou que no dito prazo teñan pagadas as taxas por dereito de exame, sempre e cando completen os restantes trámites o día 22/10/2021.

**Segundo.-** Os membros do Tribunal reuniranse para a fase de **entrevista** o luns día **25/10/2021 as 09:00 h.** no **FORUM do Concello de Carballo**, de acordo coa Resolución da Alcaldía núm. 2798/2021 de 18 de outubro de 2021.

Convocar os aspirantes para a fase de entrevista o luns **día 25/10/2021 as 09:00 h.** no **FORUM do Concello de Carballo (2º andar)**, de acordo coa Resolución da Alcaldía núm. 2798/2021 de 18 de outubro de 2021 (publicada no Taboleiro de Anuncios 19/10/2021) do seguinte xeito:

- **9.30 h.** Entrevista candidatos/as posto de Mestre da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (rama sanitaria) do Obradoiro Dual de Emprego Carballo Coida.
- **10.00 h.** Entrevista candidatos/as posto de Mestre da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (rama Psicosocial) do Obradoiro Dual de Emprego Carballo Coida.
- **10.30 h.** Entrevista candidatos/as posto de Director/a do Obradoiro Dual de Emprego Carballo Coida.
- **12.00 h.** Entrevista candidatos/as posto de Auxiliar Administrativo/ do Obradoiro Dual de Emprego Carballo Coida.
- **13.00 h.** Entrevista candidatos/as posto de Mestre/a -Titor/a do Obradoiro Dual de Emprego Carballo Coida.

**Terceiro.-** Modificar a Resolución da Alcaldía núm. 2798/2021 de 18 de outubro de 2021, pola que se convoca o Tribunal para a fase de concurso que estaba fixada para o mércores día 27 de outubro de 2021, que quedará redactada do seguinte xeito:

- Para a fase de **concurso** establecida na base 6ª.3 que se celebrará o **martes 26/10/2021 as 09:00 h.**

**Cuarto.-** Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello.

**ANEXO I: Listaxe Definitiva de Admitidos/as do proceso de selección do Persoal Directivo do Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA".**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BLANCO SANDE	ALICIA	44832353V
2	ESMORIS PUÑAL	MARIA	32843516E
3	GONZALEZ CASTRO	ESTHER	35570854C
4	LOPEZ SALORIO	LUCIA	46898669J
5	RODRIGUEZ LOSADA PEREZ MONTERO	MARIANA	32791401W
6	SEÑARIS CASTRO	ESTRELLA MAR	46916607B
7	SUAREZ RAMILO	FRANCISCO JAVIER	76369342G

**ANEXO II: Listaxe Definitiva de Admitidos/as do proceso de selección do Mestre da especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais. Rama sanitaria.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	MARTINEZ CUENDA	ZAIDA	79343159J
2	PEREZ FERNANDEZ	NOELIA	47353834P

**ANEXO III: Listaxe Definitiva de Admitidos/as do proceso de selección do Mestre da especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais. Rama psicosocial.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	MOSQUERA FERNANDEZ	MARIA DOLORES	47366440X
2	PRIETO MARTIN	MARIA TERESA	11955701W

**ANEXO IV: Listaxe Definitiva de Admitidos/as do proceso de selección do Mestre Titor/a para a impartición dos módulos de educación básica, orientación e información profesional, formación empresarial e asesoramento e os módulos de formación complementaria.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BUSTO GARCIA	BELEN	32808524J
2	CAAMAÑO PEREZ	SANDRA MARIA	79320923H
3	CAMPAL FERNANDEZ	JOSE MANUEL	33992352P
4	CASTRO CAAMAÑO	MARIA PILAR	52430048F
5	SANCHEZ PICHEL	JOSEFA CRISTINA	32805825M

**ANEXO V: Listaxe Definitiva de Admitidos/as do proceso de selección do/a Auxiliar administrativo/a.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CANCELA CEBEY	SANDRA	79335189R
2	CHAS LOPEZ	MARTA	46914854Y
3	CARRILLO CASTELO	MONICA	44821609Z
4	GARCIA DURAN	MARIA ANDURIÑA	32834616T
5	INSUA RUMBO	RITA	47367531C
6	LOPEZ FIGUEROA	UXIA MARIA	46900673Q
7	VAZQUEZ GOMEZ	CONSUELO MARIA	79320084F

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villán Fuertes